



# TINB

17 SETEMBRO 2004

BUEU

## AQUI ESTAMOS DE NOVO

Corría agosto do 2003, aproximábase a data da festa da Banda do Río e as expectativas eran as mesmas que outros anos. ¿E por que non facemos algo diferente?. En realidade non era algo innovador porque xa existían modelos cercanos que comezaran a funcionar anos antes, dos cales nos lucramos en sabiduría e experiencia. Desta maneira comeza a organizarse un concerto "Troula na Banda", para o cal se reserva o venres das festas adicadas á Virxe de Sta Ifigenia. Foi unha fin de semana intensa, organizouse un concerto moi exitoso para o venres, o sábado houbo xogos na rúa para nenos e adultos sen complexos, e o domingo continuouse coa tradicional degustación de sidra no Pazo de Sta Cruz. A iniciativa foi apoiada por moita xente, e o que en principio xurde como o nome dun concerto, comeza a dar forma ó nome dunha asociación xuvenil con expectativas de iniciar a súa andadura no panorama socio-cultural da Vila.

Cun orzamento de cero euros, pero co apoio moral de moita xente conseguimos sacar á rúa unha carroza cargada de nenos para a Cabalgata dos Reis Magos, e o mesmo aconteceu co festival do Antroido que sobrepasou as nosas expectativas co concurso de disfraces para nenos.

Co desexo de darlle continuidade á organización de xogos, concertos e outras actividades de carácter lúdico, a Asociación Troula na Banda levou a cabo no mes de xullo deste ano un concerto no que se puido disfrutar dunha diversidade de estilos musicais axeitados ó gusto duns e doutros.


Xa só nos queda convidarvos a disfrutar connosco o primeiro aniversario de "Troula na Banda" que por este ano 2004 baixará o telón de actividades coa programación á que facemos referencia ó longo deste libro, e esforzarémonos para que no 2005 sexa aínda mellor.

A Asociación Troula na Banda agradece de antemán a vosa presenza e participación.



## O PAZO DE SANTA CRUZ.

Situado no alto da Carrasqueira, atopamos o Pazo de Santa Cruz. Popularmente tamén é coñecido como "Quitapesares", pois coas vistas que se ofrecen da enseada de Bueu dende o pazo curábanse tódalas penas.



Dito pazo foi fundado en 1659 por Fernando de la Rúa Freire, abade de Bueu e comisario do Santo Oficio da Inquisición, como se pode observar nun escudo pétreo no que aparecen os símbolos da Santa Inquisición: unha pluma e unha espada, que nos recordan o lema daquela época: "a letra con sangue entra".

O pazo conta cunha veiga dunhas 11 hectáreas, das cales a maioría é monte, aínda que o edificio tamén conta cun fermoso xardín cun terreo con algunhas esculturas pétreas, hoxe en día desaparecidas.

Artisticamente é característico o segundo portalón, que da acceso á capela, e que conta na súa parte superior cunhas graciosas estatuíñas que representan uns músicos, e sobre estes, o xa citado escudo cos símbolos da Santa Inquisición.

Ao longo de todo o pazo tamén podemos atopar escudos pertencentes ás diferentes familias que pasaron polo pazo.





O apelido De la Rúa que tiñan os titulares mantívose no pazo, ata que no S.XVIII, a herdeira dos De la Rúa casou cun varón da familia Pimentel, pasando este apelido a ser titular do pazo, que perpetuou ata que en 1945 o pazo foi vendido á familia Bescansa.

Actualmente o pazo pertence á familia de Don Germán Gervás, que o adquiriu en 1983, realizando en dito edificio unha restauración que lle deu o seu aspecto actual, e que fai que estea en tan bo estado de conservación.

A capela que ten o pazo construíuse anos despois do mesmo, pois data de 1671. Está dedicada á devoción da Santa Cruz, de aí o nome do Pazo, aínda que no seu interior tamén se poden venerar santos como Santa Ifigenia, que segundo conta a lenda foi conseguida por un cura párroco nunha partida de cartas. Aínda que outra lenda afirma que a Santa chegou á vila nun barco portugués, do cal os mariñeiros foron apresados e convertidos en escravos, e a santa foi trasladada ao pazo.

Por último, e de modo anecdótico, cabe destacar que este pazo serviu de escenario para gravar en 1982 (pouco antes da súa restauración) a serie "Los Gozos y las sombras".





A FESTA:

A xente da Banda do Río, a comezo da década dos 40, decidiron facer unha festa na honra da Santa Ifigenia, facendo unha misa na capela do pazo. Por aquel entón eran os donos do pazo a familia Pimentel, que non deron autorización para realizar a misa, polo que se decidiu realizar a festa na estrada da Banda do Río, coa denominación de Verbena da Banda do Río, o seu presidente foi Eladio Baena Iglesias.

No 1945 o pazo vendeuse e pasou a mans da familia Bescansa, que aceptan facer a misa no pazo, polo que cada 14 de setembro


ininterrompidamente dende 1945, lévase realizando no pazo unha misa na honra da Santa Ifigenia.

Ao rematar a misa facíase e faise unha pequena procesión coa Santa polo Adro.

Unha peculiaridade desta festa, cuns inicios que se remontan a 1945, é que os campesiños poñen os seus postos bordeando o muro que pecha o pazo. Alí consumíase mel, empanadas, sidra..., esta última é a que aínda sigue a tradición hoxe en día.

Un dos primeiros que iniciou a venda da sidra de mazá no Pazo de Santa Cruz foi Moncho Necuriño, veciño do pazo. Hoxe en día son numerosos os postos que venden a famosa sidra, e tamén son cada ano máis os adeptos á sidra que soben ao pazo a saboreala.

Como recomendación para o voso exquisito padal convidámosvos a non desprezar a ocasión de deleitarvos coa sidra da propia colleita "Troula na Banda".



# TNB



## Troula na banda 2004

Pista da banda do rio -BUEU

Día  
**17**

Venres  
9 da noite

**Contra el viento** Rock - Bueu

**Papayacola** Percusión - Vigo

**Siete setenta** Rock 'n' roll 70's - Galicia

**Moon Cresta** Pop Rock - Vigo

**Matraca Perversa** Troula - Galicia

Barra con precios populares,  
ie se chove montamos  
unha carpa e listo!

Colaboran:

**TROULA**  
na  
**BANDA**



# OLIMPIADAS

BUEU 2004

## NENOS

Às 4 da tarde xogos  
!!! Premios para todos !!!

**TROULA NA BANDA**

## ADULTOS

Às 18.30 xogos para  
maiores ( POR BANDAS!!)

TIRO Á CORDA

CARREIRAS DE SACOS

LÍNEA DE PRENDAS

VASO DE AUGA

ADULTOS: APUNTÁDEVOS ANTES DO VERNES 17 DE  
SEPTEMBRE NO BAR DE MOU, COYOTE E ZAPPA

E ademáis...

DOMINGO ÀS 16.30 PARA TODOS,  
!!!CAMPEONATO DE ESCOBA !!!

**18  
SEPT**



## MATRACA PERVERSA

troula-Galiza

A Matraca Perversa sacou un mini-CD autoproducido, contando coa colaboración de Projecto Global. Son seis temas : "O pobo nunca máis será vencido", "A nososa historia", "Fugindo", "Mass-Circus-Media", "Sem Saída" e "A Nossa historia Remix". Todos eles seguen unha mesma liña musical e reflicten as diferentes perspectivas que o enriquecen. Este traballo preséntasenos como variado e aberto a novos matices que sempre ofreceron novas posibilidades no momento de ser levado ós concertos. Conta con colaboracións especiais como as de ex-Chouteiras como Ugia Pedreira e Ramón Pinheiro ou tamén Denis López...

Neste mar de proxectos e inquietudes culturais aparece "Mass-Circus-Media", un mini-CD B maneira de presentación onde a Matraca Perversa mostra cales son as súas bases musicais, o camiño percorrido e xa avanzado ata agora e para onde van os seus ritmos que, evidentemente, como fiel reflexo da evolución dos músicos que conforman a Matraca Perversa (Xenreira, Nenos da Revolta, MDR...) está cheo de diferentes influencias e sons, todas orientadas para unha mesma visión, para unha música de cores e unha estética festiva.



# HERBALIFE

NUTRICIÓN DIETETICA DE ALTA CALIDAD  
 PRODUCTOS DE ESTETICA Y CUIDADO PERSONAL



HERBALIFE

Tel: 607 878 026  
 Fax: 986 320 117

**Daniel Díaz Ruibal**  
 Supervisor

BUEU (Pontevedra)- ESPAÑA  
 Internet: [www.herbalife.com](http://www.herbalife.com)  
 e-mail: [danieldiaz@wanadoo.es](mailto:danieldiaz@wanadoo.es)





Todo isto fixo que se pasase dun conxunto inicial de oito persoas a seren máis de vinte os compoñentes, que con certeza irán aumentando pouco a pouco.

Ar de rúa, sabor mestizo, festa popular... o colectivo A Matraca Perversa nace no ano 2002, misturando ideas, xentes, inquietudes, a cabalo entre A Estrada e Compostela, aberto, inquedo, orixinouse como grupo musical pero hoxe xa podemos falar de que adquiriu definitivamente formato de colectivo social e musical, de certo modo por causa da necesidade de lanzar todos eses proxectos que ían xurdindo e que necesitaban dunha maior amplitude para facerse realidade. Se ben que hoxe sexa o momento de centrámonos no núcleo do colectivo que é A Matraca Perversa como grupo musical, a ela debemos sumar tamén e ter en conta "A Naçom Mutante" unha fanfarra para cortexos, festas, animacións... formada por oito ventos e seis percusionistas que ten a súa orixe no País de Nunca Máis, cando os membros da Matraca formaban parte da fanfarra de burla negra ou na fanfarra de Trópico de Grelas, acompañados de malabares, disfraces... O colectivo tamén está a por en andamento outros proxectos relacionados coa animación na rúa, o teatro, etc.

#### COMPOÑENTES:

Marcos Payno: Saxo alto, teclado, voz e coros

Jasper: guitarra e voz

Martinho: baixo

Iago: percusións

Manuel Payno: trompeta, teclados e coros

Dani: trompeta

Sevi: Saxo tenor e coros

Pablito: batería



Pazos Fontenla, 51  
Telf 986 390 002 Telf-fax 986 322 067  
e-mail: eblanco@cnoo.es

36930 BUEU  
Pontevedra

**ÓPTICOS OPTOMETRISTAS**

**EIB**  
**EUGENIO BLANCO**

ÓPTICOS OPTOMETRISTAS  
TERAPIA VISUAL

e-mail: ebopticos@cnoo.es

Telf 986 32 08 67

Eduardo Vicenti, 6 · 36930 BUEU



## MOON CRESTA

dunha mítica máquina recreativa de marcianos dos anos 80, tomou o nome esta banda viguesa que aterriza na terra transportando nas súas bodegas unha carga de potente funk-rock. mooncresta recupera os sons do rock dos 70 e acércaos a actualidade con renovada enerxía e mentalidade contemporánea.



entre as súas influencias atopamos formacións clásicas da talla de deep purple ou led zeppelin, así como bandas máis actuais tales como rage against the machine ou jamiroquai.

a banda formouse a finais de 1998 das cinzas de 'los caimanes', onde coincidiron guillermo rodal (guitarra), david vázquez (teclados e baixo), e miguel rodríguez (voz e baixo). xuntos crean a primeira formación de moon cresta que conta con pedro lorenzo a batería e 'tulo' o baixo. como quinteto graban en abril do 1999 unha primeira demo con 4 temas. o despegue da banda recibiu no primeiro momento (primaveira 1999) un importante éxito de crítica e público. o seu debut foi a tempo real no programa ¿qué serán? de tve-galicia e numerosas actuacións en galicia.

cun ano de vida e tras certos abandonos na formación, moon cresta consolídase como cuarteto coa incorporación de j.c. 'rume'garcía (batería). a banda coa contundencia da nova formación, ofrece no 2000 outra cara e realiza abundantes actuacións por galicia (baiona, nigrán, pontevedra, vilagarcía, cambados, o grove, melliz, arzúa...)



neste punto da súa traxectoria clasifícanse para as fases eliminatorias do certamen musical "galicia cidade única", na que alcanzan as semifinais. asímesmo o verán do 2000 remátano cunha gran actuación no festival "rock no camiño" celebrado en palas de rei.

ademais da boa acollida das súas grabacións, a grande baza do grupo siguen sendo os shows. por elo e tras ser nominados por segunda vez son galardonados cos premios "maketon estrela galicia" dos 40 principais na categoría ó mellor directo. ademais, a crítica musical avala esta faceta da banda viguesa.

días antes do nadal do 2000, moon cresta grabou en 72 horas nos estudos área master de vigo unha segunda demo de 4 temas que consolidaron o seu son fresco e compacto.

a tempada do 2001 iníciána cunha nova serie de shows á "aeronave funk" a distintas salas da xeografía galega. no verán de dito ano a banda prodígase con éxito nos distintos escenarios e festivais repetindo cartel no prestixioso certamen de palas de rei "rock no camiño" no outono do 2001 moon cresta viaxou a madrid onde participou na festa de "haloween" celebrada na sala siroco.

xa no 2002 a banda comeza o ano con novos shows, máis temas e mellor actitude se cabe. o calendario preséntase apretado e ademais moon cresta volve a prodigarse en actuacións televisivas de ámbito autonómico.



## 7SETENTA

Vilagarcía

Rock'n'roll-

7Setenta é un grupo de rock creado có obxecto de recrear o traballo de músicos lexendarios dos setenta en diante, con versións propias e sóns actuais.

Este grupo está formado por un conxunto de amigos cuxa actividade profesional non garda relación algunha co mundo da música, pero que con anterioridade nalgún momento formaron parte de grupos non profesionais.

O fundamental de 7Setenta, aparte da música, é divertirse; cada actuación está chea dunha diversión que acaba por contaxiar ó público, facéndoo participar e vibrar debido á espectacularidade do directo.

A primeira actuación realizouse no verán do 97, con gran éxito de público e crítica. A partir dese momento sucedéronse as actuacións, sobre todo na zona do Salnés.

En 1998, nas festas patronais de Vilagarcía compartiron escenario con grupos da talla de Presuntos Implicados e realizaron numerosas actuacións en pubs e cafés-concerto de Pontevedra, Vigo e A Coruña, así coma concertos no Sar (Santiago de Compostela), semana grande das festas de Vigo e algunhas actuacións para televisións locais.

7Setenta son:

Tito: Voz solista

Jose: Guitarra

Manolín: Guitarra e voces

Ernesto: Baixo e voces

Nerea: Piano





## PAPAYACOLA

Percusión-Vigo

O grupo Papayacola créase en maio do 2004 como consecuencia da inquietude artística común dos seus compoñentes.

Influenciados por diversas culturas, os membros de Papayacola experimentan coa súa música buscando atopar unha vía de fusión entre os diferentes ritmos étnicos que aprenden doutras culturas e os nados de eles mesmos.


Os instrumentos que Papayacola utiliza nos seus concertos son tan diversos como: cogas, pailas, caixóns flamencos, batería, shekere, bloks, timbales, darbuka, djembe, piano ou palmas.

As novas tecnoloxías, como son o uso de samplerse DJ's están en fase experimental, querendo engadir estas ó seu repertorio no período de tempo máis breve posible.

Cós seus ritmos, e un pouco de imaxinación, Papayacola trasladaranos a lugares com o deserto do Sahara, O Congo, Senegal, Cuba, Brasil ou Mozambique.

Un saúdo e boa viaxe.

PAPAYACOLA son:  
 Marcelino Villaverde Pena: Ago-go, djembe, piano e conga  
 Alfonso García Agulla "Esky": Djembe, piano e pailas  
 Javier Barral Carro: Caixón, batería, shekere e conga  
 Serxio Crespo Gómez: Timbales, djembe e batería  
 Jose Troncoso Barros: Piano, congas e caixón



# EVENTOS ANTERIORES DE TROULA

# TROULA NA BANDA

Banda do río  
BUEU 2003

**VENRES 19**  
CONCERTO NA PISTA

**23:00 THE MOW** FULL INVERSION  
versions


**00:15 LA KINKY BEAT**  
- Patxanga, ragga, ska




Tel: 986 320 981

Av. De Cangas, 63 Bueu - Pontevedra





# THE MOW




Montero Ríos, 165 Bajo  
TEL: 637 58 36 34  
Zona Peatonal





# LA KINKY BEAT



**Clan**

XINZO

[www.pubclan.com](http://www.pubclan.com)

www.pubclan.com



# TROULA NA BANDA 04

**RH**

(Madrid) - Rock

**JALEO REAL**

(Barcelona) - Rumba de combate

**MAGUILAZ**

(Barcelona) - Rumrafunk

**30**  
xullo

**10:30**  
da noite

**Banda  
do rio  
(BUEU)**

**DE BALDE**

**TROULA  
NA BANDA**

2004 ano 4.º edición



**TEJIDOS Y CONFECCIONES**

*Diequez*


Eduardo Vincenti, 25  
Tel y Fax 986 320 267

**BUEU**

# RH



GARAJE TALLER




# RAMAL DOS GALOS

Ramón Bares 2 Tfno 986 323 553 - 986 323 558 BUEU



JALEO  
REAL



FRUCOGAL

Pazos Fontenla, 33  
Tel: 986 323 512  
BUEU

[almacen@frucogal.e.telefonica.net](mailto:almacen@frucogal.e.telefonica.net)

FRUTALIA  
CARREA DE FRUTÍFERAS



# MAGUILAZ



Pazos Fontenla, 90  
Tel: 986 323 171  
36930 BUEU

Puerto de Marín  
Tel: 986 891 850  
Fax: 986 891 462  
36910 MARÍN



noite meiga

De troula no Entroido  
Pista da Banda do Río

Sábado  
21 de Febrzeiro

ás 17:00

Festa de disfraces  
para nenos

con premios  
e regalos  
para todos



e pola Noite...

¡ FESTA MEIGA !

¡ ASUSTANOS!  
e levarás un 2x1

De 23.00 a 1.00 h



Precísanse  
meigas,  
trasnos,...

¡ Queximada a Media Noite !  
Teremos carpa

TARIGAL



CARPINTERÍA EN GENERAL  
PUERTAS - PASAMANOS  
PISOS - ESCALERAS, ETC  
MUEBLES DE COCINA Y BAÑO

Montero Ríos 197  
986 322 000

36930 Bueu  
Pontevedra